



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO OFICIAL ACREDITATIVO DO NIVEL DE LINGUA GALEGA (CELGA 1)

Resolución pola que se publican os resultados definitivos

O 30 de maio de 2010 realizáronse as probas para a obtención do certificado oficial acreditativo do nivel de lingua galega 1 (Celga 1), convocadas por resolución desta secretaría xeral do 22 de xaneiro de 2010, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga), niveis 1, 2, 3 e 4, no ano 2010 (DOG n.º 25 do 8 de febreiro).

O 30 de xuño de 2010 publicáronse os resultados provisionais das probas. Transcorrido o prazo outorgado para solicitar a revisión e, unha vez efectuadas pola Comisión Central de Avaliación as revisións requiridas, resolvo publicar os resultados definitivos, de acordo co previsto no artigo 12.2 da resolución antes citada.

Os resultados publícanse por orde alfabética para facilitar a localización.

As persoas que solicitaron a revisión recibirán a información sobre os criterios nos que non acadaron o nivel esixido.

Ás persoas que obtiveron a cualificación de apto/a enviaráselle a certificación correspondente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2010.

O secretario xeral de Política Lingüística

Anxo M. Lorenzo Suárez

